

ARRAIANOS VIII

Vivir na raia

ANO 2010

Neste número falamos de barreiras, bordos, límites e fronteiras, pero tamén cruzamos pasos, pontes e poldrados. Percorremos a nosa raia e viaxamos até outras raías afastadas deste mundo supostamente sen fronteiras. Furamos polos subeiros dos lobos e dos contrabandistas que operan nas alfándegas difusas entre a vida e a morte, entre nós e os outros, entre a luz e a escuridade, entre o civilizado e o salvaxe. Imos na procura dese taoísmo que nos fai lembrar unha vez máis que é precisamente no límite onde sempre acontece todo o interesante. Porque para nós as fronteiras políticas nunca foron nin serán liñas divisorias trazadas sobre os mapas; senón raías, espazos porosos e permeables, onde non teñen cabida as barreiras artificiais que cada día ignoran as aguias, os garraos e os lobos arraianos.

[As fotos da serie "Vivir en la Raya" de Antonio Covarsí ilustran esta entrega]

Colaboran neste número

Pedro Alonso
Aser Álvarez
Anabel Amigo
Nuria Araújo García
María Teresa Araújo García
Susana Blanco Montecelos
Luís Boullosa
Fermín Bouza
Olalla Cociña
Carlos Codias
Xavier Cordal
Laura Covarsí
Miguel Dantas da Gama
José María de Aguilar Carreiro
Susana Díaz
José Domínguez
José María Eguileta Franco
Sérgio Fernandes
Manuel Garrido Rivero
Daniel Gil
Luís Gil Pita
Fernando Martinho Gímarães
Marín Guillermo Ramírez
Santiago Lamas
José Lamela Bautista
Alberto Lema
Álvaro Xosé López Mira
Sérgio Lorenzo
Kilberte Manso de la Torre
Xurxo Martínez González
Kulio Medela
Xosé Luís Méndez Ferrín
Franck Meyer
Juan J. Moralejo
Álvaro Negro
Carlos Negro
Ramón Nicolás

Alexandre P. Meire
Varico Pereira
Kerardo Pereiro
Cástor Pérez Casal
David Pérez López
Mercedes Queixas Zas
Joel R. Gómez
Baldo Ramos
Armando Requeixo
Xosé Benito Reza
Xullo Ríos
Antón Riveiro Coello
Manuel Rivero Pérez
Americo Rodrigues
Manuel Xusto Rodríguez
Xurxo Sierra Veloso
Samuel Solleiro
Alberto Trillo
Enrique José Varela Álvarez
Xosé Manuel Vega
Nicolás Vidal López

FOTOGRAFÍAS

Javier Alonso Crespo
ANTONIO COVARSÍ
Laura Covarsí
Susana Díaz
Sérgio Fernandes
Iván Nespereira
Miguel Piñeiro
Alonso Vázquez

ILUSTRACIONES

Noemí Casal
Andrela López
José Projecto

Vivir na raia

ARRAIANOS VIII

Vivir na raia
ARRAIANOS

Número VIII — ANO 2010



PVP: 10 euros

alvarelos
EDITORIA



ARRAIANOS VIII

Vivir na raia

Ano 2010

Director:

Aser Álvarez

Coordinadores:

Suso Díaz e Aser Álvarez

Consello de redacción:

Alex P. Meire, Americo Rodrigues, Armando Requeixo, Baldo Ramos, Luís Boullosa, Luís Gil Pita, Lois Codias, José Domingues, Daniel Rodicio, Ramón Nicolás, Henrique Alvarellos

Este número está ilustrado pola serie "Vivir en la Raya" de Antonio Covarsí

Edita:

ALVARELLOS EDITORA
Sempre en Galiza, 4 – praza
15706 Santiago de Compostela
www.alvarellos.info
correo@alvarellos.info

ASOCIACIÓN ARRAIANOS

www.arraianos.com
www.cadernoarraiano.blogspot.com
arraianos@arraianos.com

Deseño:

Alvarellos Editora

Impresión:

Tórculo

ISSN: 1698-9953
DL: C 4290-2010

- 004** Fronteira, **Andreia López**
005 Limiar: Vivir na raia
007 Arraianos, raianos e raiotos, **Xosé Luís Méndez Ferrín**
- [a nosa raia]
- 009** Deva, **Juan J. Moralejo**
013 Lobos gardiáns da Raia, **Pedro Alonso**
016 Cabra-môntes regressa ás Serras do Xurés e do Gerês, **Miguel Dantas da Gama**
019 Reserva da Biosfera Gerês-Xurés, **Xosé Benito Reza**
025 A chega de bois, fotos de **Iván Nespereira**
028 Megálitos na raia seca, **José María Eguileta Franco**
032 A Sede dos Reis, **José Lamela Bautista**
035 Habitando o límite en positivo, **Luís Gil Pita**
038 O costume de levar os vellos ó monte a morrer, **Manuel Rivero Pérez**
043 A realidade das relacións entre Galicia e Portugal, **Álvaro Xosé López Mira e Enrique José Varela Álvarez**
- [opinión]
- 047** Tomar altura, **Xulio Ríos**
049 Sen fronteira, **Xabier Cordal**
051 Paolo e o círculo: definindo as fronteiras da actividade literaria, **Samuel Solleiro**
053 Fronteiras, lindes, liñas, espazos indefinidos..., **Fermín Bouza**
054 Turismo nas fronteiras e as fronteiras do turismo, **Xerardo Pereiro e Varico Pereira**
- [caminos arraianos]
- 059** A Vía Nova na raia, **Manuel Xusto Rodríguez**
064 Camiño xacobeo Miñoto Ribeiro, **Cástor Pérez Casal**
071 Camiño da Raíña Santa, **David Pérez López**
076 El camiño portugués, **Manuel Garrido Rivero**
079 Caminando... viviendo, **Sergio Lorenzo**
- [as outras fronteiras]
- 083** Las cicatrices de la historia, **Martín Guillermo Ramírez**
086 A fronteira e as grandes chairas americanas, **Santiago Lamas**
095 Imaxe gañadora do concurso fotográfico "A Raia", **Javier Alonso Crespo**
096 A terra e nós, **Alberto Trillo**
098 As asturianas, **Xosé Manuel Vega**
100 Arraianos de Rio de Onor e Rihonor de Castilla, **Sérgio Fernandes**

- [conversas na raia]
- 107** Mesa redonda: O mundo que o portugués criou para o galego, **Joel R. Gómez**
111 Entrevista con Carlos Núñez, **Alexandre P. Meire e Aser Álvarez**
- [caderno arraiano]
- 117** Montes Laboreiro. Palmilhando uma raia carregada de séculos, **Américo Rodrigues e José Domingues**
133 Castro Laboreiro, un documental de Ricardo Costa-1979, **Xulio Medela**
134 Acto protocolario de revisión e ratificación de fronteiras
136 Festivais na raia e raia abaixo, **A. Meire e Z. N.**
- [arquivo]
- 143** Luís Soto Fernández: de Buscalque a México D. F. por Turei, **Xurxo Martínez González**
147 Obituario: Ángel Campos Pámpano, **Suso Díaz e Aser Álvarez**
- [novas da raia]
- 149** X. L. Méndez Ferrín "Arraiano Maior da Raia Seca 2009"
152 No Furriolo: homenaxe anual ás vítimas do franquismo
153 Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro
154 O Instituto de Estudos Miñoranos fai dez anos, **Xilberte Manso de la Torre**
156 Projecto editorial "Contrabando", **Daniel Gil**
158 Pontes arraianas, **Suso Díaz**
- [creación]
- 161** No labirinto da luz de Antonio Covarsí, **Baldo Ramos**
163 Na periferia: sete posibilidades de movemento a carón do centro, **Álvaro Negro**
165 O lugar dos caminhos, **Fernando Martinho Gimarães**
166 Dereito de autodeterminación, **Carlos Negro**
167 As fronteiras existen, **Franck Meyer**
169 (Sen título), **Xurxo Sierra Veloso**
170 Morte da Historia en Lindoso, **Alberto Lema**
171 Às ruínas de uma dama, **José Maria de Aguiar Carreiro**
172 As Caixas contiñan a Delimitación, **Olalla Cociña**
174 O salvoconduto, **Antón Riveiro Coello**
- [crítica]
- 177** Libros, música e arte, **VV. AA.**
- [epilogo]
- 187** Vivir na Raia, **Laura Covarsí**





Ponte de Esmoriz

Camiño xacobeo Miñoto Ribeiro

Cástor Pérez Casal

Este artigo forma parte dun estudo máis extenso sobre este vello camiño xacobeo arraiano para o que estamos procurando un recoñecemento público que se traduza na súa recuperación e divulgación. Son moitas as fontes

pendentes de consulta, os documentos perdidos e os de difícil acceso. Gran parte da documentación encóntrase en diferentes arquivos e bibliotecas de Portugal. Mais manexamos probas irrefutables e rigorosas que confirman a existencia dun cami-

ño xacobeo de enorme transcendencia no pasado e que entraba en Galicia por terras de Padrenda (Ourense) e seguía polo Ribeiro cara a Compostela. Velaquí a posibilidade de saldar unha débeda histórica con estas terras.

OS CAMIÑOS

A Vereia de Milmanda

Unía, excepcionalmente, as vilas de Castro Leboreiro co Alcázar de Milmanda, a través das terras de Padrenda. Dende os conflitos bélicos que xorden a partir do século XII, esta vía ou vereia serve de paso e de enlace entre estes dous fortíns.

Nun foro do ano 1621 fábase de que "... Julio Pérez recibe en foro la servidumbre que está arriba de la vereia de milmanda..."

Dende Castro Leboreiro, até onde chegarían as xentes de Braga, Ponte da Barca, Arcos de Valdevez, Entrimo, Lobios, Lamas de Mouro, A Peneda, etc., e a través do "Camiño da Porteliña", vai cara ás aldeas de Alcobaça e A Azureira polo Porto dos Cabaleiros até chegar a Monterredondo.

Esta vía, que viña de Castro Leboreiro pola Azureira, penetraba no núcleo de Monterredondo, onde se atoparon restos dun formidable castro-fortaleza e desta vía de comunicación. Curioso resulta tamén ver o interese que espertou dende sempre este couto para as prazas de poder da zona (Fiaes, Celanova, Milmanda). No ano 986: "Damus etiam et pro luminaribus eclesie mellarios que sunt in mea Sauto, Laureto cum raucis, Monte Rotundo..." E xa como vila, no ano 1000: "...villas nostras in valle de Deva tásatrio... alia villa in Monte Rodundo subtus Monte Leporario;..."

Dende Monterredondo, o camiño continúa en dirección a Pardellas pola "Calzada", a vereia que se dirixe cara a Esmoriz e Gorgua, pasando pola Ponte Silvares. Atopamos nun documento do ano 940: "...per medio mea ratione in villares e bustos que habeo communes cum meos heredes in monte Leporario qui iacent inter rivuos En et Gorgula... sexto villare que dicunt Gresulfi, septimo villare que iacet in ripa de Gorgula..."

Estes documentos ofrécennos unha pista das posibles vías de conexión entre os diferentes lugares referidos: Monterredondo, Gorgua, Esmoriz, Freáns, Ponte dos Liños, Gresufe... Nesta última entidade, a onde se chegaría despois de atravesar a Ponte dos Liños, foi atopada unha ara romana que testemuña a presenza de xentes dende moi antigo.

Logo continuaría este camiño cara a Zacu-meira, Carballal (A Porteliña), Alén e San Roque, camiño da Portela, Bandexa, Lordelo, Carreira e O Condado. Ou senón cara a Vilar –continuando o itinerario da Verea de Milmanda–, e onde estaba o Hospital de Santa María do Hospital de Vilar en San Pedro da Torre, ou ben cara a Freáns, atravesando a Ponte dos Liños, da que lemos nun documento do ano 1647: "...camino y rego de agua a la puente dos liños onde están unas peñas y el agua en otro rigueiro un salto va partiendo con servidumbre do hospital..."

Este camiño vello arraiano continúa cara aos Mociños e Quintela de Leirado, e remata o percorrido na vila de Milmanda. Noutro foro, do ano

1502, faise expresa referencia: "...de milmanda a Quintela".


Esta vía de comunicación tivo unha función vital de carácter militar durante as guerras cos portugueses. Estes enfrontamentos tiñan paso obrigado por estas terras. Un testemuño dese tempo de liortas fronteirizas é a fortaleza do Castelo da Bandexa (Crespos), a de Desteriz, a da Torre, ou o Castelo de San Pedro da Torre (Grixó-Padrenda). Pero este camiño cumpría ademais unha función básica e primordial como roteiro de comunicación para veciños da zona, gando e mercadorías. "São imensos os caminhos que atravessam a Serra do Laboreiro e ligam os lugares (aldeias) de um lado e do outro da fronteira. Assureira 'galega', Lapela, Monte Redondo, Quinta, Górgua... onde o contrabando chegava e partía com mais facilidade, por carreiros e caminhos em direcção à serra do Laboreiro".

A Verea de Milmanda cumpre así as funcións de ser vía de paso das milicias pero tamén das xentes da zona e das mercadorías que se movían nesta vía de comunicación. Todos aqueles que ían

dende Castro e Terras de Celanova cara ao Ribeiro, ou incluso até Santiago de Compostela, enlazarían con outra verea: "...una bereda que viene de la feligresía de San Juan de Monterredondo y pasa a la feligresía del Condado..."

Vicente Risco fala da existencia dunha posible vía romana que discorría paralela á Vía Nova e que serviría de comunicación dende Portugal a través das terras de Padrenda, coas veciñas terras do Ribeiro, e que moi posiblemente seguise sendo unha importante vía de paso durante o Medioevo. Esa aseveración mantena Rodríguez Colmenero cando fala dunha vía perpendicular á Vía Nova que el chama Via Aquis Orígenes-Lucus e que: "Derivaría de la Vía Nova un poco antes de Torneiros, en el valle del Homen, para continuar por Padrenda (Lovios) y Manín hacia Entrimo, antes de cuya población es plenamente reconocible todavía. A continuación recorrería un pequeño tramo de territorio portugués actual -(posiblemente cara Castro Leboreiro, A Peneda, Fiaes)- para salir cerca de Ponte Barxas, desde donde proseguiría posiblemente hasta Arnoya, Ribadavia..."

Priegue, no seu traballo *Los caminos medievales de Galicia*, cando trata dos "Camiños do Leboreyro" menciona un documento do ano 940 que di: "...per curro de Grisulfo et inde per strata usque ubi dicent antas". A historiadora non pode identificar esta "strata, que es posiblemente una vieja calzada romana o prerromana". Aparece aquí o termo "Grisulfo" –Gresufe– (Crespos, Padrenda), que Priegue non soubo identificar pero que é a clave para a resolución do enigma e que vén a ratificar este camiño, que penetrando dende as terras de Braga, Gerés, a Limia Baixa até Castro Leboreiro, chegaría logo até Melgaço (Acivido), por onde enlazaría coa Verea de Ponte as Barjas (Frieira) cara ao Ribeiro, ou pola Azureira e Monterredondo cara a Gresufe e O Condado. Por iso



pensamos que tamén as xentes da Baixa Limia utilizaban este roteiro cara a Castro Leboreiro, que logo continuaba polas terras de Padrenda cara ao Ribeiro e, dende alí xa como vía xacobea a Santiago de Compostela.

A Verea de Ponte as Barjas

Esta vía, procedente da vila de Melgaço (Portugal), continuaba até San Gregorio e atravesaba o río Troncoso ou Barxas no fondo desta aldea, no lugar do Paso. Penetraba así na actual Galicia, como se referencia no Catastro de Ensenada, preto de Cuvido ou Civido (Acivido, ou por Ponte Barxas, que tal e como testemuñan os documentos máis pretéritos tivo unha ponte dende moi antigo e deixa constancia a súa vez dunha verea por esta localidade nun vello foro: "...con la verea de ponte as Barjas..." Logo continúa por Desteriz, Formarigo, Lordelo, Carreira, Sta. María do Hospital do Condado, Saa, Laxa, Trado e atravesa o río Deva pola Ponte Trado. "...aforo frai sarmiento abad de zelanova a Estevan Fernandez el Casal do condado en Sta. Maria del Hospital... lugar y casas do condado sito en la feligresía de Sta. Maria do ospital... hasta dar en el camino real". "Todos los dichos vienes según quedan marcados estan sitios en dicho lugar de Sa Feligresía de Santa Maria del Hospital (do Condado) jurisdicción de Milmanda y dentro de los limites y demarcaciones siguientes: comenzando en el fondo del rigueyro de Souto y todo por dicho rigueyro arriba hasta dar y topar a la verea real que ba para trado y otras partes..." "...as quaes erdades e pesqueiras et casas jazem



Cruz templaria



Porta do Hospital do Condado

a beira do ryo Minho no porto na fellgueyra desde la casa que fizo johan Carpenteiro atra barco maior sae a rua de Padrenda...”

O primeiro argumento que nos fai defender a existencia deste camiño xacobeo é unha evidencia de carácter elemental: o río Miño. Esta é unha entrada de carácter natural e evidente; de feito

existiu dende sempre unha vía de comunicación (Vía Romana en Frieira; ara romana do S. III, dedicada por Flavio ás deusas suevas *mantugaicas*, hoxe visible na igrexa de Sta. María do Hospital. É de supoñer que o río servira de guía aos propios peregrinos no seu camiñar, para impedir que se perdesen ao telo como referencia.



Vía Romana (A Frieira)



Santiago peregrino (Desteriz)



Cruz templaria

Un segundo argumento é a importancia do viño na tradición xacobeo e a importancia da comarca do Ribeiro. Os datos que confirman isto son moi abundantes. No século XII, Xelmírez desprázase até Ribadavia. Está documentado que o arcebispo cruzaba o Miño por Castrelo vindo a visitar as parroquias de Portugal no ano 1102. Está claro que o paso inmediato máis cómodo e evidente cara a Portugal era seguindo o curso natural do Miño por esta ruta. Entramos nas terras do Ribeiro, a pesar de que nunca deixamos de lado a presenza do viño. É este, sen lugar a dúbidas, o elemento definitorio e denominador común desta ruta. Unha vez atravesada a vila de Ribadavia, entrocárase co Camiño dos Arrieiros ou Camiño Breeiro, que servía de nexo entre a vila do Avia e Compostela.

Un terceiro argumento, en sintonía co anterior, é a importancia da vila e do contorno de Melgaço, onde cómpre subliñar o destacado papel do mosteiro de Fiaes dende a Alta Idade Media. Aquí atopamos un sepulcro ao pé da igrexa coa iconografía dun Santiago con espada. Pero a iconografía de Santiago abunda en todo este camiño. O templo de Desteriz, por exemplo, tiña un fermoso retablo maior —hoxe desaparecido— no que sobresaía unha magnífica talla dun Santiago ecuestre que testemuñaba tamén a existencia desta ruta xacobeo. Neste templo tamén podemos observar unha imaxe do Apóstolo Santiago o Maior, vestido

de peregrino. A tradición oral aínda hoxe garda memoria dos peregrinos que, deixando o camiño na base deste templo, subían até a “Sacristía”, atravesando unha porta, hoxe cega, para asinar no xa desaparecido “Libro de Santiago”.

A tradición oral destas terras de Padrenda tamén fai referencia á denominación da capela de Santa Isabel de Lordelo (Padrenda). Segundo contan, esta sinxela ermida posúe este apelativo en referencia ao paso e á súa fundación por parte da raíña Isabel de Portugal, a Raíña Santa, quen pasou por este lugar cando se dirixía en peregrinación cara á cidade do Apóstolo. E na parroquia de Beade, nesta mesma ruta, tamén existe outra capela de Santa Isabel cunha orixe similar.

Santa María do Hospital do Condado

Durante a Idade Media tivo lugar a eclosión das peregrinacións a Compostela, para en momentos posteriores, xa no S. XIV, e maiormente pola peste, ir diminuindo esta tradición até case desaparecer. Posiblemente esa sexa a causa última da desaparición do hospital principal desta ruta xacobeo, que falto de uso, termina anexionándose ou transformándose na actual igrexa barroca. O termo Hospital, na denominación da freguesía en cuestión, denota, sen lugar a dúbidas, a existencia dun antigo hospital de peregrinos.



Ara (O Condado)

Existen referencias en vellos documentos desta freguesía, dende o S. XV: “año 1.448 Julio do Condado recibe en foro el Casal do Condado en Santa María do Hospital...” “...año 1565 aforo frai sarmiento abad de zelanova a Estevan Fernandez el Casa1 do condado en Sta. Maria del Hospital de dieziete fanegas en semiente...” “...et parte porlo rigueiro do Boyon e do do otro cabo porlo rigueiro do Espital...”

Olga Gallego asegura que entre os topónimos que evocan a existencia destas institucións de atencións aos peregrinos na nosa ruta xacobeá, destaca a de Santa María do Hospital do Condado, no concello de Padrenda. Temos datos que confirman a presenza dunha orde militar ao servizo deste establecemento. Así, no ano 1752 Ensenada, en referencia á parroquia de Santa María do Hospital do Condado, afirmaba que: “...y todo el referido diezmo lo lleva y pertenece enteramente a la encomienda de Quiroga perteneciente a los Caballeros de Malta, religion de San Juan...” “...

cuya primicia pertenece enteramente a la fábrica de la iglesia de esta feligresía por el voto de nuestro patrón Santiago... y otro voto pertenece a la mesa capitular de la Santa Iglesia catedral de la ciudad de Santiago...” “...Que en esta feligresía hay los sacerdotes siguientes: Dn. Tomas Rodriguez, cura puesto por dicha encomienda de Quiroga...”

Na súa *Geografía general del Reino de Galicia*, Vicente Risco comenta que “La iglesia... lleva el título de Santa María del Hospital por haber pertenecido en otro tiempo a la prelatura nullius de la Orden de San Juan de Jerusalén”. E non debemos esquecer que a orde do Hospital de San Juan tiña como finalidade primordial, ademais da loita contra os infieis, a atención dos hospitais de peregrinos. Estes feitos evidencian a existencia deste establecemento para atender o importante continente de peregrinos procedentes de Portugal que pasaban por estas terras camiño de Compostela. ☸